

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

*ANUNCIO do 20 de marzo de 2018 polo que se somete ao trámite de información pública a separata para información pública do proxecto de construción do Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020: mellora de seguridade viaria (MSV) no contorno de treitos de concentración de accidentes na estrada PO-551, punto quilométrico 29+000 a 32+700, de clave PO/17/149.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referido.*

Para os efectos previstos no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, sométese ao trámite de información pública o documento do Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020: MSV no contorno de TCA na estrada PO-551, p.q. 29+000 a 32+700, de clave PO/17/149.06. O ámbito de actuación sitúase na estrada PO-551 Marín (Pavillón naval)-Rande (N-554), pertencente á rede primaria básica da Xunta de Galicia, e que atravesa o termo municipal de Moaña, municipio da comarca do Morrazo, provincia de Pontevedra.

Este proxecto ten por obxecto definir, xustificar e valorar as obras necesarias para levar a cabo unha serie de actuacións que permitan evitar ou mitigar a accidentalidade que se vén producindo nos últimos anos no treito considerado.

As obras previstas comprenden as seguintes actuacións:

– Con carácter xeral:

- Substituiranse aqueles sinais verticais que non alcanzan o nivel de retrorreflectancia RA2 en todo o treito considerado.
- Repoñerase o balizamento existente en todo o treito considerado.
- Nos treitos urbanos (p.q. 29+000-29+650 e 31+060-32+890), pintarase unha mediana central ao longo do eixe da vía, de largura variable.

– Con carácter puntual:

- Mellora da seguridade viaria en interseccións (p.q. 29+140, 29+450, 30+230, 30+840-30+920, 31+110, 31+430, 34+440, 34+580, 31+630, 31+880, 32+310 e 32+670).



- Mellora da seguridade viaria en pasos de peóns (núcleo urbano de Domaio, p.q. 27+750 e 29+540), para a implantación de medidas que fomenten a visibilidade e redución da velocidade de aproximación.
- Outras melloras: accesos peonís ás zonas de parada do bus urbano, instalación de barreiras metálicas e optimización da sinalización.
- Instalación de bandas transversais de alerta (BTA) na entrada a travesía de Domaio, en sentido de aproximación desde Rande, coa finalidade de alertar e reducir a velocidade de aproximación.

Considerando todo o exposto e o establecido na normativa vixente,

#### RESOLVO:

Primeiro. De acordo co establecido no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o proxecto de construción sométese ao trámite de información pública, durante un período de trinta días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, para que as persoas que o consideren oportuno poidan formular por escrito, ante a Axencia Galega de Infraestruturas, as observacións que crean convenientes relativas á concepción global do trazado deseñado.

Segundo. Que, simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, e para os efectos previstos no artigo 56.1 do Regulamento de expropiación forzosa, se someta a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente, para que os afectados presenten cantas alegacións ou rectificacións consideren convenientes en canto aos bens e dereitos descritos na relación anexa.

Terceiro. A exposición ao público, para os efectos da presente resolución, realízase na Axencia Galega de Infraestruturas (San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela), no Servizo de Infraestruturas de Pontevedra (rúa Fernández Ladreda, 43, 1º-4º, 36071 Pontevedra) e na Casa do Concello de Moaña (As Barxas, 2, 36950 Moaña, Pontevedra). Así mesmo, na páxina web da Consellería de Infraestruturas e Vivenda ([http://civ.xunta.gal/organizacion/c/CIV\\_Axencia\\_Galega\\_de\\_Infraestruturas](http://civ.xunta.gal/organizacion/c/CIV_Axencia_Galega_de_Infraestruturas)), atópase a disposición dos interesados o documento completo do proxecto de construción.

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2018

Francisco Menéndez Iglesias  
Director da Axencia Galega de Infraestruturas



## ANEXO

**Relación de bens, dereitos e propietarios afectados**
**Proxecto de construción do Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020:  
MSV no contorno de TCA na estrada PO-551, p.q. 29+000 a 32+700  
clave PO/17/149.06**

Concello de Moaña.

Nº	Referencia catastral	Políg.	Parcela	Titular	Clase	Uso do solo	Sup. (m <sup>2</sup> )	Bens afectados
1	36029A041000420003AK	41	42	Freire Santomé, José (herdeiros de)	Urbano	Agrario	5,00	-----
2	36029A041000410001OU	41	41	Bermúdez García, Jorge Benito	Urbano	Agrario	10,00	-----
3	36029A041000120004SF	41	12	Leites Arizaga, Pedro	Urbano	Residencial	20,00	-----
4	36029A041090020000IG	41	9002	Concello de Moaña	Urbano	Agrario	45,00	-----
5	36029A038003220000IH	38	322	González Pequeño, Delia	Urbano	Sen edificar	15,00	Galpón 4 m <sup>2</sup>
6	36029A038003110001OF	38	311	Rúa Piñeiro, Isabel	Urbano	Residencial	10,00	Muro pedra 5,0 x 1,5 m
7	36029A038003030000IF	38	303	Silva Alonso, Julio	Urbano	Sen edificar	30,00	Peche pedra 20 m 30 m <sup>2</sup> vides
8	6217001NG2861N0001RD	69	9000	Ferradás Bernárdez, M <sup>a</sup> Carmen	Urbano	Sen edificar	210,00	Horto 180 m <sup>2</sup>
9	6217002NG2861N0002FF	69	9000	Solla Ríos, Clementina	Urbano	Industrial	60,00	Horto 50 m <sup>2</sup>
10	6117501NG2861N0001OD	38	9000	González Paredes, Luis	Urbano	Sen edificar	5,00	Horto 50 m <sup>2</sup> Arame 5 m
11	6218006NG2861N0001ID	38	9000	Táboas González, Juan Diego	Urbano	Sen edificar	70,00	Horto 50 m <sup>2</sup> Arame 20 m
12	6218005NG2861N0002MF	38	9000	Ríos Paz, María (herdeiros de)	Urbano	Industrial	5,00	Arame 10 m
13	36029A070000040004SH	70	4	Quintana Álvarez, Ceferina	Urbano	Residencial	--	Repicado e remate de peche de formigón 2 m x 4 m
14	36029A070000130000IB	70	13	Concello de Moaña	Urbano	Sen edificar	15,00	-----

